

2017-
2018

Facendo escola, proxecto multimedia



Investigación e Tratamento da Información
CPI San Vicente, A Baña
2017-2018

INTRODUCCIÓN

O alumnado de 1º de ESO do CPI San Vicente de A Baña leva desenvolvendo proxectos documentais integrados de investigación dende o curso 2013-2014 en colaboración coa Biblioteca Escolar. A través destes proxectos foron quen de adquirir diferentes competencias e habilidades na procura e selección de información, así como na transformación da mesma en coñecementos que logo souberon amosar a través da elaboración dun produto final dunha dificultade e complexidade progresiva:

2013-2014: *Alimentación saudable*. Produto final: presentacións en power point e murais explicativos.

2014-2015: *O antigo Exipto*. Produto final: escribir, ilustrar, maquetar e encadernar un libro de creación propia.

2015-2017: *Facendo Escola; 200 anos de ensino na Baña*. Produto final: película documental sobre a historia da educación no concello de A Baña: <https://www.youtube.com/watch?v=Z86jp9kfwvQ>

O último deses proxectos de investigación supuxo un salto cualitativo e cuantitativo considerable xa que, por primeira vez, foron conscientes de como se escribe a historia daquelas cousas que non están nos libros nin na web, por tratarse da historia da nosa contorna.

Para a realización do devandito documental recompilouse unha cantidade importantísima de información histórica sobre cada un dos edificios escolares localizados no concello que non foi posible incluír no documental, e tamén contabamos con moitos minutos de entrevistas dos cales so se seleccionaran pequenos fragmentos para fiar a historia que queriamos contar. Porén, consideramos que todo ese material merecía merecer ser amosada tanto aos nosos veciños coma a todas as persoas interesadas na nosa cultura, na nosa tradición e na nosa historia local.

É por iso que este proxecto, Facendo Escola, quixo continuar a súa andaina, desta vez dentro da materia de Investigación e Tratamento da Información de 1º de ESO, a través da creación dun espazo dixital onde publicar e compartir todo o saber acumulado e tamén onde facer visible o noso patrimonio cultural, histórico e natural.

Os obxectivos desta nova aventura investigadora en colaboración coa biblioteca escolar, o --- foron os seguintes:

O grao de consecución de todos os obxectivos foi plenamente satisfactorio, tanto os xerais do Programa coma os específicos do noso proxecto Facendo Escola.

-Desenvolver estratexias de investigación dentro da metodoloxía do traballo por proxectos.

- Coñecer o noso patrimonio e promover a súa valorización.

- Integrar a aprendizaxe colaborativa dentro do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Integrar a interdisciplinabilidade nos proxectos de investigación.

-Desenvolver as competencias clave a través do traballo por proxectos.

- Investigar a historia da educación do noso concello e comprender os cambios na mesma a través da historia.
- Coñecer como os cambios políticos e sociais inflúen na educación.
- Comprender como a educación inflúe no desenvolvemento dunha sociedade.
- Aprender a pescudar a través de diversas fontes impresas, dixitais e orais: testemuñas, imaxes, arquitectura, xornais, obxectos...
- Colaborar no desenvolvemento dun proxecto tomando decisións de xeito consensuado e respectando as opinións e ideas de todos os membros do equipo.
- Empregar as ferramentas dixitais para a difusión do noso coñecemento, aprendendo a respectar os dereitos de autor e poñendo el valor a creación propia.

Este proxecto asentou os seus alicerces na aprendizaxe activa e colaborativa. Isto é, todos os elementos participantes no mesmo (docentes e alumnado) estivemos a aprender de igual modo e a traballar en equipo para a creación dun produto final para o cal cada unha das partes foi indispensable.

Cada un dos membros do proxecto asumiu un rol que desenvolverá de forma autónoma, con interese e responsabilidade: guión, redacción, son, cámaras, locución, investigación, creación, deseño, montaxe ... En todas estas labores os profesores exercemos un papel de guía no proceso de creación e aprendizaxe así como de coordinadores do equipo, coidando que as decisións sexan sempre consensuadas e que as dificultades atopadas sexan resoltas entre todos, evitando as actitudes caprichosas ou insolidarias.

A través das diferentes actividades e tarefas construímos unha fermosa aventura de aprendizaxe colectiva ao tempo que se desenvolvemos as diferentes competencias clave:

A CCL en todo o traballo de redacción de textos históricos, informativos e guións de ficción nos videos de presentación de cada ruta.

A CMCT, a pesares de non estar presente no currículo de Investigación e Tratamento da Información, dá en todas as actividades relacionadas coa estatística (censos escolares, porcentaxe de absentismo escolar, censo municipal, apertura e peche de escolas ...) e coa localización topográfica das escolas e demais lugares do noso patrimonio no mapa dixital.

A CAA en todo o proceso de planificación das tarefas así como na distribución das mesmas, a procura de estratexias para o seu desenvolvemento e o espírito crítico á hora de avaliar xuntos os resultados.

A CCEC a través do desenvolvemento da súa creatividade a través da linguaxe audiovisual, na súa interpretación dramatizada das personaxes que presentan cada ruta así como no manexo de diferentes materiais e técnicas artísticas.

A CSC a través da investigación sobre a historia da educación da nosa comunidade, desenvolvendo o espírito crítico á hora de comparar as circunstancias sociais, culturais e económicas que determinaron as diferentes maneiras de ensinar e de aprender nas diferentes etapas da nosa historia educativa, atopando vantaxes e inconvenientes, pros e contras ás diferentes modalidades de ensino.

A CD mediante o manexo de ferramentas dixitais tanto para a procura de información (respectando sempre os dereitos de autor) como para a creación de contidos orixinais así como para a gravación, edición e montaxe dos produtos finais.

A CSIE no deseño e implementación do seu plan de traballo e no desenvolvemento da capacidade, planificación e organización do traballo en equipo así como da resolución de problemas de xeito consensuado.

Cada un dos bloques de contidos da materia Investigación e Tratamento da Información foi abordado nas diferentes fases do proxecto e cada uno dos estándares de aprendizaxe dos mesmos, foi avaliado a partir de diferentes instrumentos.

O bloque 1, *A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital*, supuxo o punto de partida, nesta ocasión xa coñecido por este grupo de rapaces e rapazas moi familiarizados non só coa organización dos fondos da biblioteca senón co xeito de atopar a información.

O bloque 2, *Fontes informativas. Localización e selección*, abordouse xa unha vez escollida a temática da nosa investigación e o produto final que queriamos elaborar, un espazo multimedia. A partir de aí, seleccionamos e organizamos a bibliografía documental, impresa, dixital e de transmisión oral que precisabamos.

O bloque 3, *Organizarse para investigar*, supuxo un dos retos máis importantes. Unha vez consolidada a idea de deseñar unhas rutas de sendeirismo polo noso concello, escollida a temática de cada unha delas e aquelas escolas que as ían vertebrar, foi preciso crear os grupos de traballo para cada unha delas. A proximidade xeográfica era un factor importante a ter en conta, pensando na facilidade que iso lles proporcionaba para recoller información entre os veciños ou familiares e tamén para gravar testemuñas audiovisuais, pero tamén era necesario que existise un mínimo de empatía entre os membros do grupo así como sentido da responsabilidade e da cooperación. Houbo tensións, decisións iniciais caprichosas e diferentes cambios ata que, entre todos, conseguimos equilibrar os pequenos grupos e conseguir que se traballase con ilusión e interese.

O bloque 4, *Procura e tratamento da información*, traballouse ao longo de todo o curso, por tratarse da base na que se asenta calquera traballo de investigación e a destreza e a seguridade adquirida polo alumnado nesas tarefas foi moi significativa e digna de salientarse.

No bloque 5, *Xeración de contidos e comunicación*, traballouse fundamentalmente no 3º trimestre, aínda que os contidos se foron xerando ao longo de todo o curso e almacenando nunha carpeta compartida de Google Drive. De aí foronse seleccionando e ubicando, segundo cumprise, no espazo web e nos mapas de ruta.

TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

A temática da nosa investigación foi a posta en valor do noso patrimonio máis próximo, material e inmaterial, histórico, cultural e natural, baixo a premisa que dirixe o noso traballo dende o curso 2015-2016, facer escola. Entendendo como facer escola non o concepto tradicional de aleccionar e acumular contidos sen sentido, senón no sentido amplo e fermosísimo que os nosos maiores lle daban de xeito reiterado a esa expresión

nas súas entrevistas, abrir os ollos á descuberta, ao asombro, á increíble forza que proporciona o coñecemento para axudarnos a comprender e desenvolvernos no mundo, a ser libres e a valorar a riqueza do noso.

Fixeramos unha película sobre a historia do ensino no noso concello, agora queríamos manter viva esa aprendizaxe e difundila mediante unha proposta diferente: **5 rutas emocionais polo noso patrimonio**, que se poidan percorrer e desfrutar tanto fisicamente, con botas, bastón e cámara de fotos, coma de xeito virtual, e que ambas experiencias resultasen emocionantes.

BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O proxecto desenvolveuse en horario lectivo e non lectivo. Por un lado na hora semanal da materia INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN e en horas concretas da materia de Relixión/Valores Éticos, por outro lado en horario extraescolar sempre que foi preciso, para a gravación e montaxe de material audiovisual así como para a formación no manexo das plataformas dixitais e o software necesario.

A temporalización aproximada das diferentes actividades foi a seguinte:

1. Formación en manexo de Google Drive, elaboración de documentos en liña a partir da información recompilada, localización, organización e etiquetado de fontes documentais, creación de mapas en My Maps, iniciación ao manexo de plataformas dixitais (WIX, ATAVIST). 1º e 2º TRIMESTRE.

2. Deseño. e creación dun mapa emocional da historia educativa do noso concello e de 5 RUTAS QUE FAN ESCOLA, que percorren os edificios escolares máis significativos así como os espazos naturais, etnográficos e históricos máis significativos do noso concello. Publicación dos mapas e as rutas en plataformas dixitais acompañadas de vídeos e imaxes de cada espazo a visitar. 2º E 3º TRIMESTRE.

3. Difusión e publicación do traballo e as rutas en redes sociais e plataformas dixitais. 3º TRIMESTRE.

Estaba previsto ademais o deseño e redacción duns paneis explicativos para cada punto destacado das rutas, que posteriormente instalaría a Concellería de Cultura. Esta actividade quedou pendente, á espera do apoio municipal para a súa financiación. De todos os xeitos, toda esa información está presente na web.

DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

Toda a documentación manexada e elaborada polo alumnado e a profesora coordinadora durante o desenvolvemento do proxecto atópase recollida na seguinte carpeta colaborativa de Google Drive organizada por carpetas de contidos, imaxes, mapas, audios e videos, avaliación, documentación, etc:

<https://drive.google.com/drive/folders/165WFZI7OnfNE7DFXmsEvG5SMZYJrvGmf?usp=sharing>

RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

TAREFA	ESTÁNDARES	CC
1. Creamos unha conta e aprendemos a compartir e crear de xeito colaborativo.	B1.3.3, B1.4.2, B5.4.2, B5.8.1, B2.7.1, B2.9.1	CCL CSC CSIE CD
2. Investigamos sobre o patrimonio de cada parroquia do noso concello	B1.1.1, B1.1.2, B1.2.1, B1.3.2, B1.4.1, B1.4.2, B2.10.1, B2.10.2, B3.2.1, B4.1.2, B5.4.2, B5.8.1, B2.9.1	CCL CSC CAA CCEC CSIE CD
3. Xeolocalizamos nun mapa aqueles lugares, edificios, que queremos destacar	B2.7.1, B2.9.1	CSC CAA CCEC CSIE CD
4. Reflexionamos, debatemos e decidimos o fío condutor das rutas que queremos deseñar	B3.3.1, B3.3.2, B3.4.1, B5.9.2, B5.9.3	CCL CSC CAA CCEC CSIE
5. Establecemos os equipos de traballo e comezamos a procura de personaxes que entrevistar	B3.3.1, B3.4.1, B5.3.1, B3.3.2, B5.8.1, B5.9.2, B5.9.3	CCL CSC CSIE
6. Recompilamos recursos multimedia para amosar en cada ruta: imaxes, vídeos, sons...	B4.2.1, B1.5.1,	CCL CSC CAA CCEC CD
7. Deseñamos as rutas sobre o mapa tendo en conta a súa lonxitude, dificultade e facilidade de acceso.	B5.1.1, B4.1.4, B2.7.1	CCL CSC CAA CD
8. Realizamos as rutas <i>in situ</i> , tomamos imaxes e vídeos e as gravamos en Wikiloc.	B4.1.1, B4.1.2, B4.1.4	CAA CSC CSIE CD
9. Modificamos en My Maps as variacións que foi preciso realizar sobre o terreo.	B2.7.1, B4.1.4, B5.2.1	CSC CAA CD
10. Ilustramos os puntos do mapa con	B4.4.1, B4.5.1,	CCL

imaxes, vídeos e a información recollida en fontes bibliográficas e orais.	B5.4.2, B5.6.2, B5.8.1, B1.5.1, B2.9.1	CSC CAA CD
11. Redactamos as entrevistas dos personaxes que representarán cada ruta.	B5.3.1, B5.4.2, B5.8.1	CCL CAA CD
12. Gravamos, editamos e publicamos as entrevistas en Youtube.	B2.7.1, B5.5.1	CSC CSIE CD
13. Redactamos o guión do vídeo de presentación de cada ruta: Progreso, Emigración, Patrimonio, Muíños e Barca	B5.3.1, B5.4.2, B5.8.1	CCL CCEC CSIE CD
14. Ensaíamos a dramatización, deseñamos a caracterización dos personaxes e rodamos.	B5.9.1, B5.5.1	CCEC CSIE CD
15. Montamos os vídeos e os subimos a Youtube.	B2.7.1, B5.5.1	CSC CD
16. Unha vez aloxada todo o noso traballo multimedia na nosa web, redactamos o guión de presentación das nosas rutas	B5.3.1, B5.4.2, B5.9.3	CCL CSIE CAA CD
17. Presentamos en público o noso traballo	B5.9.1, B5.9.3, B5.10.3	CCL CSC CAA CD
18. Avaliamos o proxecto	B5.10.1, B5.10.2, B5.10.4	CAA CSIE

RECURSOS UTILIZADOS E ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

O produto final está aloxado na seguinte web: [FACENDO ESCOLA](#)

Todo o material empregado e elaborado para o desenvolvemento do proxecto está aloxado nesta carpeta de Google Drive: <https://drive.google.com/drive/folders/165WFZI7OnfNE7DFXmsEvG5SMZYJrvGmf?usp=sharing>

Así mesmo, a bibliografía e enlaces web máis consultados foron os seguintes:

- ✓ Rodríguez Troncoso, Amador. *Os albores de Feiraco*, 2014.
- ✓ Liñares Giraut, Amancio, *O Val de Barcala (1900-1936). Agrarismo, vida política, emigración e cultura*, 1988.
- ✓ Liñares Giraut, Amancio, *Conversas con Avelino Pousa Antelo, memorias dun galego inconformista*, 1991.
- ✓ Liñares Giraut et al., *Xente e terra da Barcala*, 2018.

- ✓ Costa Rico, Antón, *Historia da Educación e da Cultura en Galicia (Séculos IV-XX)*, 2004.
- ✓ Costa Rico, Antón, *Escolas e Mestres*, 1998.
- ✓ *Inventario municipal de patrimonio PXOM*:
http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/inventario.php#result_info_concello
- ✓ *Patrimonio galego*: <http://patrimoniogalego.net/>

Artigos da Wikipedia en galego:

- San Vicenzo da Baña:
https://gl.wikipedia.org/wiki/A_Ba%C3%B1a,_A_Ba%C3%B1a
- San Xoan de Barcala: https://gl.wikipedia.org/wiki/Barcala,_A_Ba%C3%B1a
- Santa Mariña do Barro: https://gl.wikipedia.org/wiki/O_Barro,_A_Ba%C3%B1a
- San Miguel de Cabanas: https://gl.wikipedia.org/wiki/Cabanas,_A_Ba%C3%B1a
- San Cristovo de Corneira: https://gl.wikipedia.org/wiki/Corneira,_A_Ba%C3%B1a
- San Salvador da Ermida:
https://gl.wikipedia.org/wiki/A_Ermida,_A_Ba%C3%B1a
- San Pedro de Fiopáns:
https://gl.wikipedia.org/wiki/Fiop%C3%A1ns,_A_Ba%C3%B1a
- Santa Baía de Lañas:
https://gl.wikipedia.org/wiki/La%C3%B1as,_A_Ba%C3%B1a
- Santa Cristina de Marcelle:
https://gl.wikipedia.org/wiki/Marcelle,_A_Ba%C3%B1a
- Santa María de Ordoeste:
https://gl.wikipedia.org/wiki/Ordoeste,_A_Ba%C3%B1a
- San Xoán da Riba: https://gl.wikipedia.org/wiki/A_Riba,_A_Ba%C3%B1a
- San Cibrán de Barcala:
https://gl.wikipedia.org/wiki/San_Cibr%C3%A1n_de_Barcala,_A_Ba%C3%B1a
- Sanamede do Monte:
https://gl.wikipedia.org/wiki/Sanamede_do_Monte,_A_Ba%C3%B1a
- San Mamede de Suevos: https://gl.wikipedia.org/wiki/Suevos,_A_Ba%C3%B1a
- Santa María de Troitosende:
https://gl.wikipedia.org/wiki/Troitosende,_A_Ba%C3%B1a

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

A implicación da comunidade educativa foi excepcional en todos os sentidos:

As familias, en todo momento en contacto coa profesora coordinadora do proxecto, colaboraron con ela e cos seus fillos/as tanto nas actividades de procura de información, lugares e persoas que entrevistar coma facilitando a súa asistencia ás rutas fora de horario escolar e participando nelas sempre que poideron.

O Concello da Baña amosouse dende a orixe deste proxecto, dispoñible e aberto a axudarnos en todo o que se lles pediu: acceso aos arquivos municipais, emprego da Casa

de Cultura para a presentación do proxecto, difusión da nosa web e estamos agora á procura de que colaboren coa limpeza e sinalización das mesmas.

Toda a veciñanza á que acudimos para seren entrevistada ou para pedirlle información sobre a ubicación de muíños, as barcas do Tambre, as cooperativas agrarias, as lendas dos mouros... toda, sen excepción algunha, colaborou con nós con cariño e entrega absoluta.

DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE

O noso proxecto multimedia foi presentado na Casa de Cultura de A Baña o 21 de xuñode 2018 e, a partir dese día, está dispoñible na rede.

Así mesmo, foi anunciado e difundido nas redes sociais da Biblioteca Escolar e do CPI San Vicente así como pola web do Concello de A Baña.

A nosa web alberga todo o proxecto multimedia, deseñada e construída en colaboración con Cristina de la Torre: [Facendo Escola](#).



AVALIACIÓN (EN RELACIÓN CON CRITS DE AV E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

O traballo por proxectos ten como finalidade a aprendizaxe e consecución das competencias clave a través do desenvolvemento dun proxecto interdisciplinar a partir do cal se traballan os estándares de aprendizaxe da Materia Investigación e Tratamento da Información así como de outras materias a partir de exercicios, actividades e tarefas que darán por resultado un produto final, real e tanxible.

A avaliación de cada un dos exercicios, actividades e tarefas desenvolvidos ao longo do proxecto fíxose a partir de diferentes procedementos: a observación directa do traballo diario, a análise das producións realizadas, o debate e a autoavaliación.

Os instrumentos empregados para avaliar a mesma foron, fundamentalmente, cuestionarios, rúbricas e o diario de traballo, no cal recolléronse todas as observacións relacionadas co desenvolvemento do proxecto, as dificultades atopadas, o xeito en que se foron resolvendo así como o grao de participación e colaboración de cada un dos membros do equipo de traballo.

A valoración dos logros acadados por alumnado, profesorado e resto da comunidade educativa implicada no proxecto foi altamente positiva e todos aqueles atrancos ou dificultades coas que nos enfrentamos foron resoltas de xeito pacífico e comprensivo. As familias participaron activamente colaborando en todo o que se lles pediu e implicándose no proxecto. Proba diso foi a súa asistencia ao acto de presentación que tivo lugar na Casa de Cultura do Concello así coma as felicitacións recibidas por parte de todas elas.

FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BE

A BE colaborou neste proxecto, como ven facendo en anos anteriores, poñendo á disposición do equipo investigador, todos os seus recursos:

O espazo da biblioteca, flexible e comfortable para os debates de traballo en gran grupo e para as actividades de pequeno grupo.

Os fondos da biblioteca proporcionaron a bibliografía necesaria para o desenvolvemento do mesmo.

A responsable de biblioteca coordinou ao equipo de investigación e ocupouse tamén da curación de contidos e a selección da bibliografía en papel e *on line* coa que traballar, así como na formación sobre o respecto polos dereitos de autor e o recoñecemento de autoría á hora de crear contidos propios.

Os ordenadores da biblioteca foron, así mesmo, o lugar predilecto para a confección de toda a documentación elaborada así como para o deseño dos mapas de ruta.

